



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

MALPICA DE BERGANTIÑOS

Secretaría

Concurso de escaparates de Nadal 2025

ANUNCIO

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2025

Pola presente faise público que por Resolución de Alcaldía núm. 572/2025, do 20/10/2025 aprobáronse as seguintes bases que figuran a continuación:

BASES DO CONCURSO DE ESCAPARATES NADAL 2025

Base primeira: Definición do obxecto

O obxecto do concurso de escaparates é premiar os comerciantes incentivando o pequeno comercio do termo municipal para decorar os escaparates con motivos do Nadal.

Base segunda: Requisitos dos participantes

Poderán participar todas os/as empresarios/as que teñan locais comerciais con escaparates ao exterior en calquera das parroquias que forman parte do municipio.

Base Terceira: Publicidade das bases e convocatoria

Ademais da publicación destas bases no Boletín Oficial da Provincia e na Base de Datos Nacional de Subvenciones, o Concello dará publicidade da presente través da sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellodemalpica.com/>), no taboleiro de anuncios e na rede social facebook do Concello de Malpica de Bergantiños.

Base cuarta: Adhesión dos comercios ao concurso

O prazo de inscrición ábrese o día 8 de decembro de 2025 ás 9:00 horas da mañá e pecharase o día 19 de decembro de 2025 ás 14:00 horas.

Base quinta: Duración do Concurso

Os establecementos comerciais participantes deberán ter adornado o escaparate dende o día 20 de decembro de 2025 ata o día 7 de xaneiro de 2026.

Base sexta: Participación

Os escaparates deberán estar adornados/engalanados con elementos decorativos tradicionais propios do Nadal.

Para inscribirse no concurso terán que presentar, no rexistro do Concello presencial ou telematicamente, a folia de inscrición cuberta (anexo I) acompañada da seguinte documentación:

- Copia do NIF do solicitante, no caso de ser persoa física ou representante.
- CIF da entidade, no caso de persoas xurídicas, así coma o NIF do presidente ou representante destas.
- Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ao corrente das obrigas tributarias e da seguridade social. (Anexo II)
- Anexo III. Autorización para a consultar de datos fiscais á AEAT e á Seguridade Social. Esta consulta só se fará cos que resulten premiados antes do outorgamento do premio, para comprobar que están ao corrente en facenda e coa Seguridade Social.
- Certificación bancaria do número de conta onde se ingresará o premio.

A inscrición no concurso supón a aceptación das seguintes bases.

Base sétima: Premios

Outorgaranse 3 premios para os mellores escaparates, un por cada establecemento.

1º Premio dotado con 300 €

2º Premio dotado con 200 €

3º Premio dotado con 100 €

A listaxe de premiados publicarase na sede electrónica do Concello de Malpica de Bergantiños (<https://www.concellodemalpica.com/>), no taboleiro de anuncios e na rede social facebook do Concello de Malpica de Bergantiños.

Base oitava: Xestión da valoración dos escaparates

Para a valoración dos escaparates constituirase un xurado que estará integrado por 3 membros:

- O Concelleiro de Promoción Económica, Emprego, Mar, Comercio, Medio Rural e Festas do concello de Malpica de Bergantiños, D. Luis Miguel Fernández García.

- O/A presidente/a da Asociación San Xulián de Malpica ou membro da asociación designado por aquela.

- O/A presidente/a da Asociación Malpica Felina ou membro da asociación designado por aquela.

O fallo do xurado terá lugar antes do 16 de xaneiro de 2026. A misión do xurado será determinar os escaparates máis vistoso e orixinais, a súa calidade técnica e de imaxe a xuízo do xurado.

A decisión do xurado será inapelable.

A organización poñerase en contacto cos titulares dos escaparates premiados tanto para satisfacer os respectivos premios como para coordinar o evento de entrega de premios, unha vez realizado o fallo do xurado.

Base novena: Compatibilidade con outros premios

Non se poderá acumular nun mesmo beneficiario/empresario, mais de un (1) premio dos previstos nesta campaña

Base décima: Autorización do gasto

Autorizar o gasto (fase A) con cargo á partida 433.47900, por importe total de 600,00 €.

Base décima primeira: Cancelación, supresión ou modificación do concurso

O concello de Malpica de Bergantiños resérvase o dereito de modificar as presentes bases en caso de ser necesario e sempre baixo xustificación; inclusive a cancelar a celebración do evento de non alcanzarse un número de inscritos suficiente para garantir o seu éxito (mínimo 5 participantes).

Base décimo segunda: Protección de datos

Os datos de carácter persoal recollidos na documentación entregada polos participantes serán tratados en conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, de Protección de Datos de carácter persoal. Estes datos recóllense temporalmente coa finalidade de valorar as candidaturas á convocatoria de premios (Anexo III).

Base décimo terceira: Norma final

O acto de resolución da subvención esgota a vía administrativa. De acordo co que dispón o art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Alcalde deste Concello, no termo dun mes a contar desde o día seguinte da recepción da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña.

ANEXO I

1. DATOS PERSOAIS					
Nome e Apelidos				DNI/CIF	
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
Teléfono fixo		Móbil		Fax	
Correo electrónico					
2. DATOS DO ESTABLECEMENTO COMERCIAL					
Nome Comercial					
Domicilio					
Localidade		Provincia		CP	
FINALIDADE: PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2025					
EXPÓN: Que coñece as Bases do Concurso de Escaparates de Nadal 2025, convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños, e cumpre os requisitos establecidos para a participación no mesmo. Polo exposto, SOLICITA: A súa inclusión como participante no Concurso de Escaparates de Nadal 2025 convocado polo Concello de Malpica de Bergantiños.					
Acompaño xunto á solicitude os seguintes documentos:					
Solicitude de participación no Concurso de Escaparates de Nadal 2025					
☐	NIF do solicitante				
☐	CIF da entidade, no caso das persoas xurídicas, así como o NIF do presidente ou representante destas.				
☐	Declaración responsable de non estar incurso en causa que impida ser beneficiario de subvencións públicas e de estar ó corrente das obrigas tributarias e da seguridade social (Anexo II)				
☐	Autorización para a consultar de datos fiscais á AEAT e á Seguridade Social. Esta consulta só se fará cos que resulten premiados antes do outorgamento do premio, para comprobar que están ao corrente en facenda e coa Seguridade Social (Anexo III)				
☐	Certificación bancaria do número de conta onde se ingresará o premio				

A inscrición como participante, implica o coñecemento e aceptación integra das Bases reguladoras e as condicións establecidas nas mesmas.

En Malpica de Bergantiños a ____ de _____ de 2025

Sinatura do/a interesado/a

A/At. Sr. ALCALDE – PRESIDENTE DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

ANEXO II**DECLARACIÓN**

Don/Dona
con DNI/NIE
en representación de

DECLARA QUE: (Marque o que corresponda)

- ☐ Non está incurso/a en causa que lle impida ser beneficiario de subvencións públicas.
☐ Está ao corrente das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

E para que así conste ante o órgano competente, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

En Malpica de Bergantiños a ____ de _____ de 2025

Sinatura do/a interesado/a

ANEXO III**AUTORIZACIÓN PARA CONSULTA DE DATOS FISCAIS Á AEAT E Á SEGURIDADE SOCIAL**

Don _____, con N.I.F. _____,

☐ en nome propio

☐ en representación da entidade _____, con C.I.F. _____.

Autorizo expresamente ao Concello de Malpica de Bergantiños para que poida obter da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesouraría Xeral da Seguridade Social os datos relativos a estar ao corrente das obrigas con esas entidades aos efectos de verificar o cumprimento do establecido no apartado 5 do artigo 34 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

En _____, a ____ de _____ de 2025

Sinatura,

ANEXO IV

Os datos de carácter persoal aquí recollidos son tratados de acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos. Informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, con dirección RÚA EMILIO GONZÁLEZ LÓPEZ, Nº 1 15113 – MALPICA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA).

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado. Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓNS: O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS non cederá os seus datos de carácter persoal.

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

En Malpica de Bergantiños, 24/10/2025

Asinado

O alcalde

Eduardo J. Parga Veig

2025/7043